

XXX CARREIRA ESCOLAR DO SALNÉS

PRESENTACIÓN

Unha vez mais e por trixésimo ano consecutivo celebraremos unha nova edición da "**Carreira Escolar do Salnés**". Nesta edición, celebrarase en Portonovo o vindeiro **venres 5 de maio de 2023 ás 11 horas da mañá**.

Co paso dos anos, esta proba estase a converter nunha clásica do deporte da nosa bisbarra. Centos de rapaces xúntanse cada ano, para correr polas rúas da nosa vila, no que quere ser, ademais dunha proba deportiva, unha canle de achegamento e comunicación entre todos os participantes. Non queremos esquecer o carácter cultural da mesma e baixo o lema "**En galego gañamos tod@s**" pretendemos superar os 1000 participantes.

Mediante estas páxinas queremos convidar ao teu colexio, asociación ou club a participar nesta 29ª edición. Nelas atoparás a información necesaria sobre a proba, referente ás categorías, percorridos, regulamento, data e lugar da inscrición. Se desexan algunha información mais sobre a proba, non dubides en poñerte en contacto connosco.

Grazas anticipadas pola súa colaboración.

A Organización.

CATEGORIAS

<u>CATEGORÍAS</u>	<u>NACEMENTO</u>	<u>MODALIDADE</u>
-Prebenxamín	2015-2016	Masculino e feminino
-Benxamíns	2013-2014	" "
-Alevíns	2011-2012	" "
-Infantís	2009-2010	" "
-Cadetes	2007-2008	" "
-Afeccionado	2006 ou antes	" "

DISTANCIAS

-Prebenxamín	Percorrido número 1 (1.200 m.)
-Benxamíns	Percorrido número 1 (1.200 m.)
-Alevíns	Percorrido número 2 (2.400 m.)
-Infantil Feminino	Percorrido número 2 (2.400 m.)
-Infantíl Masculino	Percorrido número 3 (3.900 m.)
-Cadetes	Percorrido número 3 (3.900 m.)
-Afeccionados/as	Percorrido número 3 (3.900 m.)

PREMIOS

- 🏆 Trofeos para os tres primeiros de cada categoría.
- 🏆 Medallas para os primeiros de cada categoría.
- 🏆 Refrixerios para todos os participantes.

INFORMACIÓN e INSCRICIÓN

A través da páxina web:

www.carreiraescolardosalnes.com

Tfno. 986-72.34.94

ANTES DO DÍA 01 DE MAIO DE 2023

REGULAMENTO XERAL

1º. A inscrición desta Carreira para os colexios, clubs, etc... permanecerá aberta ata o día 05 de maio de 2023. e realizarase na páxina web do colexio www.carreiraescolardosalnes.com, no apartado Carreira Escolar na ventá inscricións.

As inscricións colectivas (colexios, clubs, etc...) solicitarán un código na Secretaria do Colexio Abrente (telf. 986723494).

2º. A todos os participantes facilitaráselle o dorsal correspondente á súa categoría, debendo colocalo no peito para a súa identificación durante a proba e chegada á meta.

3º. Cada corredor deberá chegar á liña de meta co dorsal colocado no fronte da camiseta; do contrario será descalificado.

4º. Os dorsais serán facilitados o mesmo día da proba (**de 9'30 a 10'30 horas**). Cada dorsal levará un número, o nome e apelidos do rapaz correspondente, e aseguraranse de que os atletas saen co dorsal debidamente colocado.

5º. Ao longo do percorrido a Organización establecerá os controis que estime oportunos, os cales poderán descalificar aos participantes que cometan algunha irregularidade.

6º. Será motivo de descalificación calquera infracción grave estimada polo xurado da proba, sendo a súa decisión inapelable.

7º. Será tamén motivo de descalificación pasar sen camiseta ou dorsal por algún control ou liña de meta.

8º. Será motivo de descalificación un colexio cando se demostre que atenta contra o regulamento xeral aquí establecido.

9º. Para auxiliar posibles danos físicos que poidan sufrir os participantes desta carreira, estará disposto un equipo de primeiros auxilios.

10º. Dado o carácter festivo desta proba a Organización agarda de todos os participantes e monitores o mellor espírito deportivo.

NOTA: Recoméndase que, aos participantes estean na zona de saída-meta (Colexio Abrente) antes das 10:15 h.